

**PROGRAMACIÓN DE DIRECCIÓN DE CORO I**  
**CURSO 2023/2024**  
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**  
**TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO RD 171/2016)**

<b>1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>										
<b>DIRECCIÓN DE CORO</b>										
ESPECIALIDADE:	Dirección				ITINERARIOS:					
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:			COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	Dirección				XEFE DE DPTO.:			Fernando López Briones		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Fernando López Briones		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2
ECTS/CUAD.	4								Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	José Javier Sanz Vila				josejavier.sanz@edu.xunta.es.gal			Xoves de 13 a 14h		

<b>2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS</b>	
DESCRITOR: Estudo das técnicas e xestos da dirección coral e adaptación desta á realidade sonora da música para coro. Coñecemento das características e das posibilidades interpretativas e sonoras dos diferentes tipos de voces. Análise do repertorio coral encamiñado á súa execución. Coñecemento dos diferentes estilos musicais e as súas convencións interpretativas. Desenvolvemento de proxectos de interpretación de composicións con linguaxes e estilos diversos, así como en formacións a <i>capella</i> ou integrados noutra formación instrumental. Desenvolvemento dunha maior sensibilidade sonora e auditiva.	
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS DE CONTIDOS PROGRESIVOS, INTERESE DA DISCIPLINA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DA TITULACIÓN: é necesario unha boa base a nivel artístico e xeral, así como a capacidade de expresarse e de liderazgo.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X7, X8, X10, X11, X12, X14, X15, X17, X18, X21, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED1, ED2, ED3, ED4, ED7, ED8, ED9, ED10, ED11, ED12,
Ver a lista e descrición de competencias no Real Decreto 171/2016 do 24 de novembro	

<b>3. OBXECTIVOS</b>	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Tomar consciencia do papel de director nas agrupacións instrumentais e corais	T1, T3, T6, T7, T10, T13, T17, X7, X18, ED9, ED10, ED11, ED12
2. Coñecer as liñas básicas da historia da dirección orquestral e as súas implicacións na dirección actual.	T2, T17, X4, X11, X14, X15, X17, ED1, ED2, ED8
3. Analizar as problemáticas que poden xurdir en función das agrupacións corais	T2, T3, T7, T9, T10, T13, X8, ED9, ED11, ED12
4. Coñecer o repertorio básico para coro.	T16, T17, X14, X15, X17, ED1, ED3
5. Executar o pulso, cambios agógicos e dinámicos, carácter e articulación con seguridade e flexibilidade.	T13, X1, X3, X4, X12, X17, X18, ED2, ED3, ED4, ED10
6. Balancear os planos sonoros, texturas e empaste tímbrico adecuándose ao estilo das obras	T13, X1, X3, X4, X12, X17, X18, ED2, ED3,



		ED4, ED10
7.	Realizar correctamente o fraseo, respiracións, golpes de arco, ataques, en función do estilo e as obras propostas.	T13, X1, X3, X4, X12, X17, X18, ED2, ED3, ED4, ED8, ED10
8.	Coñecer as posibilidades técnicas dos distintos tipos de voz	T3, T13, X1, X2, X4, X14, ED3, ED7
9.	Aprender a expresarse de forma clara e precisa a través do xesto favorecendo a comunicación entre o director e o grupo	T3, T7, T8, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
10.	Coñecer e practicar a xestualidade básica de dirección e a súa correspondencia coa expresión musical.	T3, T7, T8, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
11.	Aprender a dinámica de ensaio óptima para cada contexto.	T3, T7, T8, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
12.	Interpretar da forma mais fielmente posible o pensamento do compositor estudando o seu contexto, estilo compositivo, etc. Defensa da obra.	T2, T6, T8, T13, T17, X3, X10, X12, X14, ED8, ED10
13.	Estudiar a evolución da historia da dirección e as súas implicacións na propia interpretación, e a importancia da tradición.	T2, T17, X4, X11, X14, X15, X17, ED1, ED2, ED8
14.	Saber organizar o traballo previo aos ensaios co grupo: elección do repertorio, estudo e análise das obras, previsión de posibles dificultades e proposta de solucións.	T1, T3, T4, T7, T16, T17, X7, X11, X12, X14, X15, X17, ED8, ED12

#### 4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O director	1.1 Funcións e perfil formativo e profesional 1.2. Historia da dirección orquestral	Todas
2. O conxunto	2.1. Tipos de agrupacións corais. Agrupacións infantís e xuvenís. 2.2.. Obxectivos e problemáticas específicas. 2.3.. Consideracións organolóxicas e clasificación vocal. 2.5. Disposición espacial.	Todas
3. O material musical	3.1. A notación. Evolución do determinismo notacional. Áreas de indeterminación. Estudo crítico e historicamente informado. Retoques e tradicións interpretativas 3.2. Pulso, metro e ritmo. 3.3. Estudo tímbrico. Empaste e contraste sonoro. 3.4. Texturas e estratos. 3.5. Dinámica xeral e dinámica relativa. Perfil dinámico e uso do silencio. 3.6. Xeografía armónica e topografía melódica. 3.7. Estructura proporcional e referencial. 3.8. Articulación, acentuación e tipos de ataque. Empaque. Vogalidade e consonántica. Acentuación do texto. Emisión e corte do son. 3.9. Afinación e as súas posibilidades. Técnicas de depuración. 3.10. Respiración, dixitación e golpes de arco ao servizo da música. 3.11. Vibrato. Efectos tímbricos. Ornamentación. 3.12. Fraseo e construción estrutural: dinámica, agóxica, articulación, afinación e timbre ao servizo dos procesos tensionais e discursivos. 3.13. Condicionantes extramusicaís: contido textual, programa...	Todas
4. Comunicación verbal e xestual	4.1. Planos directoriais. Estratexias comunicativas. Comunicación verbal e imitativa. Xestualidade mimética, analóxica e convencional. 4.2. Os espazos e dimensións referenciais. Linguaxe corporal e comunicación facial. Capacidade comunicativa das articulacións do brazo (posición e relación de movemento). A batuta. Coordinación e independencia dos brazos. 4.3. Figuras e subdivisións. <i>Dispari</i> e anticipacións. Xestos illados.	Todas



	4.4. Traxectorias do xesto. Amplitude e perfil. Velocidade e aceleración do movemento. Proporções. 4.5. Tipos de <i>levare</i> . Marcación de calderóns e cortes.	
5. Ensaio e concerto	5.1.Preparación en xeral. 5.2. Preparación do material de coro 5.3. Técnicas de ensaio 5.4. Dirixir ópera 5.5 Dirixir obras corais con orquestra.	
6. Interpretación en estilo	6.1. Aspectos de interpretación e estilo. 6.2. Elección do tempo 6.3. Tradición	
7. Grandes directores		
TOTAL SESIÓNS:		16

#### 5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	1		1
Exposición maxistral	4		4
Exposición prácticoteórica	1		1
Práctica xestual	21		21
Estudo individual		41	41
Lectura guiada e comentario de fontes	2		2
Pescuda de información		8	8
Actividades complementarias		8	8
Selección ou preparación de materiais		30	30
Actividades de resposta ao xesto	3		3
Titorías individuais		1	1
TOTAL	32	88	120



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Avaliación continua durante as clases e ensaios	Avaliación continua durante das habilidades comunicativas, as ferramentas xestuais e o control auditivo durante as clases prácticas	Todas	30%
Probas individuais ou colectivas	Uso de recursos técnicos adaptados a diferentes supostos musicais.	Todas	30%
Revisión materiais	Preparación das partituras, realización de análises interpretativas e directoriais e elaboración de proxectos.	Todas	10%
Repentización	Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	15%
Asistencia presencial	Asistencia con regularidade ás clases e ensaios. Só se permiten 3 faltas ao longo do cuadrimestre.	Todas	15%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Avaliación continua durante as clases e ensaios	Avaliación continua durante das habilidades comunicativas, as ferramentas xestuais e o control auditivo durante as clases prácticas	Todas	30%
Probas individuais ou colectivas	Uso de recursos técnicos adaptados a diferentes supostos musicais. Ensaio dunha obra ou fragmento para coro do listado de obras propostas para o presente curso.	Todas	30%
Revisión materiais	Preparación das partituras, realización de análises interpretativas e directoriais e elaboración de proxectos.	Todas	10%
Repentización	Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	15
Asistencia presencial	Asistencia con regularidade ás clases e ensaios. Só se permiten 3 faltas ao longo do cuadrimestre.	Todas	15%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media. O computo das faltas abrangue desde o comezo do curso ata a convocatoria do exame de decembro.			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON 4 FALTAS OU MÁIS)			
Proba individual con agrupación	Ensaio dunha peza para cuarteto vocal. O alumno aportará dito <i>ensemble</i> .	Todas	50%
Proba teórico-práctico	Análise interpretativa e directorial. Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	30%
Proba escrita	Comentario crítico de documentos escritos, sonoros ou audiovisuais.	Todas	20%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			



## 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Proba individual con agrupación	Ensaio dunha peza para cuarteto vocal. O alumno aportará dito <i>ensemble</i> .	Todas	50%
Proba teórico-práctico	Análise interpretativa e directorial. Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	30%
Proba escrita	Comentario crítico de documentos escritos, sonoros ou audiovisuais,	Todas	20%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

## 7. BIBLIOGRAFÍA

- Anthony Burton: *A Performer's Guide to Music of the Baroque Period*. ABRSM, London, 2001.
- Anthony Burton: *A Performer's Guide to Music of the Classical Period*. ABRSM, London, 2001.
- Anthony Burton: *A Performer's Guide to Music of the Romantic Period*. ABRSM, London, 2001.
- Ausubel-Novak-Hanesian: "Psicología educativa. Un punto de vista cognoscitivo" (Ed. Trillas. Mexico)
- Clive Brown: *Classical and Romantic Performing Practice 1750-1900*. Oxford University Press, 2004.
- Colin Lawson y Robin Stowell: *La interpretación Histórica de la Música*. Alisnza, Madrid, 2005.
- Coll-Palacios-Marchesi: "Desarrollo psicológico y Educación" (Ed. Alianza. Madrid)
- David Daniels: *Orchestral Music: A Handbook*, 2005, Scarecrow Press.
- David Milson: *Theory and Practice in Late Nineteenth-Century Violin Performance: An Examination of Style in Performance, 1850-1900*. Ashgate, 2003.
- Francisco Navarro Lara: *Nueva Técnica de Dirección de Orquesta, Coro y Banda*. Alvarellos. Lugo, 2000.
- François-René Tranchefort (dir.): *Guía de la Música Sinfónica*. Alianza, Madrid, 2002.
- Gustav Meier: *The Score, the Orchestra, and the Conductor*. Oxford University Press, 2009.
- Gustems, Josep; Elgström, Edmon: *Guía práctica para la dirección de grupos vocales e instrumentales*. Biblioteca de Eufonía. 2008.
- Hans Swarowsky: "Dirección de orquesta, defensa de la obra" (Real musical)
- Heinz-Klaus Metzger y Rainer Riehn (dirs.): *El Problema de la interpretación en Beethoven*. Idea Books, Barcelona, 2003.
- Hermann Scherchen: *Tratado de Dirección de Orquesta*. Labor, Barcelona, 1988. Pierre Boulez: *La Escritura del Gesto*. Gedisa. Barcelona, 2003.
- Hermann Waltershausen: *El arte de la dirección orquestal*. UTEHA, México, 1966.
- José Antonio Bowen: *The Cambridge Companion of Conducting*. CUP, 2003.
- Lawson-Stowell. "La interpretación histórica de la música" (Alianza Música. Madrid)
- Margarita Lorenzo de Reizábal: *En el Podio*. Boileau. 2009.
- Martín Bris: "Planificación de centros educativos" (Ed. Praxis. Bilbao)
- Max Rudolf: "The grammar of conducting. A comprehensive guide to baton technique and interpretation" (Ed. ThomsonSchimer, USA1995)
- Neal Zaslaw: *Mozart's Symphonies: Context, Performance Practice, Reception*. Clarendon, Oxford, 1989.
- Nikolaus Harnoncourt: *Discurso sonoro*. Acanalado, Barcelona, 2006.
- Nikolaus Harnoncourt: *El Diálogo Musical*. Paidós, Barcelona, 2003.
- Norman del Mar: *Anatomy of the Orchestra*. Faber Finds, London, 1981.
- Novak-Gowin: "Aprendiendo a aprender" (Ed. Martínez Roca. Barcelona)
- Peter Jost: *Instrumentación*. Idea Books, Barcelona, 2005.
- Samuel Adler: *El estudio de la Orquestación*. Idea Books, Barcelona, 2006.
- Sardó i Parals: "El gesto en la dirección de orquesta"(Ed. Clivis. Barcelona)
- [www.imslp.org](http://www.imslp.org)
- [www.orchestralmusic.com](http://www.orchestralmusic.com)
- [www.spotify.com](http://www.spotify.com)

## 8. OBSERVACIONES

Os alumnos que superen o número de faltas establecido terán que presentarse a un exame o final do cuadrimestre onde a materia a avaliar será toda a que aparece na guía. O exame será como o de avaliación extraordinaria.

## 9. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS\*

\* No presente curso non hai alumnado da disciplina con necesidades educativas especiais.